

De conformidade co establecido no apartado V.2 das bases que rexen a convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal da empresa pública SEAGA, procédese a aprobar a lista provisional de baremo de méritos dos candidatos admitidos ao proceso de selección para as prazas de **ADMINISTRATIVOS**.

Así mesmo, e de conformidade co acordo do tribunal na sesión de 23 de abril de 2007, establécese como **puntuación de corte** para o acceso ás entrevistas persoais **1,99 puntos**, quedando excluídos todos aqueles candidatos que teñan unha puntuación igual ou menor a 1,99 puntos.

Os candidatos que teñan unha puntuación total, (sumada as puntuacións obtidas por baremación de experiencia laboral e por baremación de formación), igual ou inferior a 1,99 puntos non serán entrevistados, sen prexuízo de que, en salvagarda dos intereses dos candidatos excluídos neste proceso, se elabore unha lista de agarda coa puntuación obtida no proceso de baremación, e se non se cubrisen as prazas, ou fose necesario realizar contratacións temporais posteriores para esta categoría, sexan convocados a un novo proceso de entrevistas persoais para fixar a súa posición nas listas de contratación.


As reclamacións deberán presentarse na sede da empresa, situada en Santiago de Compostela, San Lázaro s/n – no edificio da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, antes das 18 horas do día 26 de abril de 2007.

De non presentarse reclamacións, as listas entenderanse aprobadas definitivamente.

O proceso de entrevistas persoais aos candidatos admitidos iniciárase de xeito inmediato.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2007

O presidente do tribunal



D. Xan-Bautista Cambón Rodríguez